

AUTOLESIÓNS E RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO

XII ENCONTRO DE ORIENTADORES E O EOE

"Formación de Coordinación entre os EOE e os Departamentos de
Orientación"

Manuel Armas Castro

Coordinador do EOE de A Coruña
Especialista en Trastornos de Conduta

A Coruña, 26 de abril de 2023

GRAZAS !!!

- XII Encontro de Orientadores/as e o EOE.
- Lugar de encontro, convivencia e formación.
- Compartir paradigmas, dúbidas, experiencias e boas prácticas, sentirse acompañad@s.

GRAZAS !!!

- Funcións ecosistémicas:

- ▣ asesorar e apoiar aos D.O.
- ▣ desenvolver programas de investigación
- ▣ elaborar e difundir recursos
- ▣ colaborar na avaliación psicopedagóxica
- ▣ contribuir á formación especializada dos D.O. e profesorado
- ▣ colaborar cos servizos sociosanitarios

- ▣ *(Decreto 120/1998, do 23 de abril, e Orde do 24 de xullo de 1998, que regulan a orientación educativa en Galicia).*

A VIDE TORCIDA

"A forza da educación non estriba en recuperala para un ideal estándar de normalidade, senón en potenciala, defendela, amala. Esa é unha boa definición da educación: amar a torcedura da vide. Hoxe o perigo reside en concebir a educación como o principio do rendemento que transforma a vida nunha perpetua competición. Ao contrario, a torcedura da vide esixe a excepción, a desviación, a diverxencia, a herexía.

Reinventar o que recibimos do Outro de maneira singular, sintomática, xenerando un estilo propio, realizar a vocación do desexo, facer da nosa vida unha vide torcida".

RECALCATI, M. (2016: 162-163). La hora de clase. Por una erótica de la enseñanza. Barcelona: Anagrama.

ESCOLA INCLUSIVA E SAÚDE MENTAL POSITIVA

- As escolas poden ser contornos saudables e inclusivos nos que os nenos aprendan a reforzar o seu benestar, pero tamén poden expoñer aos xóvenes a determinados riscos como o acoso e a presión excesiva dos exames.
- Trátase de minimizar os factores de risco e maximizar os factores de protección da saúde mental (UNICEF, 2021).

ESCOLA INCLUSIVA E SAÚDE MENTAL POSITIVA

- A pandemia non fixo máis que mostrar a punta de iceberg dos problemas de saúde mental.
Debemos escoitar aos xóvenes de todo o mundo, que cada vez alzan máis a voz e esixen que se actúe (UNICEF, 2021).
- Escola → promover a saúde mental positiva "estado de benestar cun mesmo, co contorno e con aportar algo positivo ao ben común".

AUTOLESIÓN

- Conductas mediante as que unha persona provócase dano físico intencionadamente con diferentes motivacións e obxectivos.
- Non é unha forma de "chamar a atención", senón unha "petición de axuda", unha forma de aliviar a presión de pensamentos e sentimentos angustiosos.
- Non é un intento de suicidio, pero se son suficientemente graves, poden empeorar a saúde mental e aumentar o risco de ideación suicida, ao intentar acabar co sufrimento. As autolesións recurrentes considéranse un factor de risco suicida.

AUTOLESIÓN

- No centro educativo:

- Escotar
- Acompañar
- Informar á familia
- Pedir axuda profesional
- Abordalo individualmente (non en grupo)
- Estratexias emocionais con todo o grupo.

SOLICITUDE DE AXUDA

“Escríboche por indicación do Director do Centro para realizar unha consulta sobre dous casos de risco suicida en alumnado adulto”:

- *Alumna de 20 anos matriculada en BACH de Adultos, diagnosticada de TDAH e pluripatoloxía, con 3 materias pendentes para titular... Esta mañán tiña programados exames da 3ª avaliación para realizar no D.O. conmigo. A nai chama decindo que onte tivo un intento autolítico e está ingresada. A nai manifesta que a alumna ten moita preocupación e ansiedade polos estudos.*
- *Alumno de Informática, 30 anos. Envía carta a un profesor comentándolle que leva dende xaneiro 3 intentos de suicidio e que está a tratamento psiquiátrico. A carta é de petición de axuda ao profesor pola situación que está pasando.*

AVALIACIÓN de RISCO SUICIDA

- Variables de risco suicida: sufrimento psíquico e desesperanza.
- Factores de risco persoal, familiar, escolar, social. Relato vital.
- Poden actuar de mediadores do paso da ideación á acción:
 - A pertenza frustrada.
 - Sensación de ser unha carga para os demais.
 - A falta de conexión e vínculo a outras persoas.
 - A ausencia de traballo ou proxecto vital significativo.
 - Capacidade adquirida de facerse dano.

AVALIACIÓN ECOSISTÉMICA

- Entrevista co profesor@ titor@, orientador@ e equipo directivo.
- Entrevista co profesorado de apoio.
- Observación na aula e recreos.
- Análise de traballos escolares, partes de incidencias, etc
- Entrevista co alumnado

AVALIACIÓN ECOSISTÉMICA

- Entrevista coa familia.
- Entrevista cos servizos de saúde mental e servizos sociais de referencia.
- Reunión co equipo docente e equipo directivo para complementar información e consensuar intervencións a realizar.
- Elaboración da acta ou plan inclusivo de acompañamento curricular ao benestar común.

APRENDIZAXE DO PROFESORADO

- *"O profesorado do IES pedíume que che trasmitira o seu agradecemento pola charla do outro día. Gustou moito e aclarou as ideas...*
- *... Dínme que non saben por qué non se fan máis actividades deste tipo e que estivo moi ben...*
- *...Así que de parte de todos nós, grazas pola implicación, axuda, o saber facer e orientacións"*

PREVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO

- Valoración de derivación a saúde mental (segundo gravidade da situación).
- Profesor de referencia.
- Personalizar currículo e criterios de avaliación.
- Elaborar un relato e proxecto vital solidario.
- Prevención de acoso escolar e apoio do grupo de iguais

PREVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO

- Apoio socio-familiar sistémico. Control das redes sociais.
- Programas de benestar emocional. Coordinador do benestar.
- Saúde mental e laboral do profesorado, dos orientadores...
- Formación do profesorado, Escolas de Familias, alumnado...
- Supervisión continua e limitar acceso a medios lesivos.
- Coordinación coa familia, saúde mental e servizos sociais.

AUTORREALIZACIÓN DO EU NUN NÓS.

- Característica fundamental do humanismo: o Ben Común.
Unir a realización persoal coa integración nunha comunidade, buscar que o *Eu* poida florecer nun *Nós*, e que o *Nós* poida permitir ao *Eu* autorrealizarse (Morín, 2020).
- Todos traballamos en rede porque todos nos ocupamos dunha parte dese malestar. O reto está en coñecer de qué parte se ocupa o outro e establecer as liñas de forza e conexións entre todas as intervencións (Ubieto, 2009)
- Patoloxización e medicación dos malestares: (DSM1, 1952): 106 dx; (DSM4:, 1994) 357 dx; (DSM5, 2014): entorno a 500 dx.

EN-RED-ADOS

- A nai comenta que M. inicia tratamento psicofarmacolóxico para TDAH en 5º de EP, tras indicación da súa profesora, que consideraba que sería positivo para o alumno a nivel académico. Comenta que xa cando cursaba Educación Infantil, detectaron o problema, pero que dado que non tiña problemas no académico e tampouco na casa, non consideraron pertinente recibir tratamento psicofarmacolóxico.
- Pola complexidade do caso exposto consideramos que a escolarización de L. debe realizarse nun Centro de Educación Especial que garanta a cobertura de todas as súas necesidades e que lle permita a abordaxe individualizada e especializada de todas as dificultades que presenta. Por todo isto recoméndase a escolarización no CEE... (USM Complexo Hospitalario).

ESCOITAR A DIVERSIDADE

- As pandemias de TDAH, bipolares, límites, Asperger, TEP... amosan unha tendencia a sobrediagnosticar, que causa estigmatización e exclusión.
- Coa medicalización do malestar os problemas sociais, escolares, laborais, económicos pasan a considerarse como problemas mentais e psicolóxicos, de resposta técnico sanitaria, desactivando as accións sociocomunitarias (Menéndez, 2023).

ESCOITAR A DIVERSIDADE

- Pasar de centrarse no trastorno e déficit a centrarse no potencial e nas capacidades. Non tomar a parte polo todo. Non pensar no sintoma como enfermidade.
- Ignorar a subxectividade, a historia familiar, social e cultural é unha forma de violencia sistémica e institucional.
- escoitar ao neno: recuperar o vínculo e a linguaxe, a palabra ten o poder de quitar o medo, a tristeza, infundir alegría, pracer ou temor.

NIVEIS DE PREVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO

- Mirada multicausal e interdisciplinar.
- Prevención: cambios no sistema escolar para transformar os posibles factores de risco → factores de protección.
 - **Primaria > tutoría** (escola inclusiva, avaliación inicial curricular e emocional). Coordinación do equipo docente.
 - **Secundaria > Departamento de orientación** (avaliación psicopedagóxica). Coordinación con saúde mental e EOE.
 - **Terciaria > Equipo de Orientación Específico** (acta de intervención interdisciplinar). Coordinación coa rede socio-comunitaria.

A ESCOLA DO BENESTAR COMÚN

Amar a diversidade humana.

- O benestar persoal e o ben común como finalidade do currículo.
"Currículum implícito e explícito do benestar común"
- A escola inclusiva como lugar de encontro co *Outro* e co *Saber*.
Relacións significativas e proxecto vital solidario.
- Saber amar ao que está aprendendo. *Acompañar na diversidade cara a autorrealización do Eu nun Nós.*
- *Sexamos o cambio que queremos ver no mundo (Gandi). A rede de acompañamento sociocomunitario cara o benestar común.*



**MOITAS
GRAZAS
POLA ATENCIÓN**